

VIDEOCONFERENCIAS CRA OROSO

Estimadas familias, de cara á realización das videoconferencias entre as titoras de cada escola e o seu alumnado, é preciso facer un documento aclaratorio de diversos aspectos a considerar para intentar que esta actividade saia o mellor posible.

En primeiro lugar, e como aspecto destacado, a aplicación que usaremos para facer a videoconferencia non é unha ferramenta informática da Consellería de Educación. Ao ser unha ferramenta informática externa á Consellería (ao igual que Youtube, Instagram, Facebook...) **a protección de datos non está garantida ao haber unha transferencia internacional de datos**. Debido a que non é posible asinar as autorizacións de imaxe para esta actividade, unha vez lidas estas aclaracións, as **familias participantes na videoconferencia dan o seu consentimento** para a participación dos adultos e dos seus fillos/as nesta actividade.

Para garantir a protección de datos de todos os participantes, **todas as familias participantes deben de cumprir as seguintes normas:**

- Non está permitida a gravación da videoconferencia por ningún medio.
- Debe de haber un adulto en todo momento xunto ao menor que está participando. Preferiblemente, será un dos proxenitores do alumno/a. Si non pode estar un dos proxenitores, estará a persoa na que delegue o proxenitor.
- A videoconferencia está dirixida exclusivamente ao noso alumnado. Poderán participar os irmáns ou irmás do/a alumno/a, si os pais así o desexan. Non está permitida a presenza doutros menores (primos/as, veciños/as...) nin outros adultos na actividade.

Data e hora das videoconferencias:

Primeira conexión (venres 27 de marzo ás 11:30): Ese día farase unha conexión de proba. Será unha breve presentación e toma de contacto para familiarizarse co uso da aplicación de videochamada. Uns minutos antes das 11:30 enviarase ao correo facilitado por cada familia unha invitación para participar na videochamada. So hai que clicar no enlace para conectarse. Si houberse algún problema para facer a conexión, podedes chamar por teléfono á titora de cada escola, ou ao móbil de dirección, para axudarvos co proceso.

Segunda conexión (semana 30 de marzo a 3 de abril): Na próxima semana haberá outra videoconferencia, aínda que o día está por determinar. Avisarase coa máxima antelación posible. Nesta conexión farase algunha actividade co alumnado (contacontos, asemblea...).


Configuración da aplicación

As familias participantes deben de rexistrarse e verificar o rexistro o máis pronto posible. Entre o xoves 26 de marzo e o venres antes das 10:00 hai que estar rexistrado na páxina web e confirmar a inscrición (segundo as instrucións que vos chegarán ao correo co que vos inscribistes). Os pasos a seguir son:


1. Rexistrarse en Zoom (hai que rexistrase co mail que lle facilitastes a cada titora). A dirección é : <https://zoom.us/>
2. Unha vez rexistrados chegaravos un correo de confirmación de Zoom.
3. Tedes que abrir este correo e confirmar a inscrición seguindo todos os pasos que vos indican. Entre estes pasos está a instalación no voso ordenador da aplicación Zoom. Pódese facer a instalación no teléfono móbil ou tablet, aínda que non é recomendable xa que logo vaise a ver a imaxe de todos os participantes moi pequena.

Incluimos unhas imaxes de guía de uso da aplicación. Están tomadas dun teléfono móbil, pero son igualmente válidas para o ordenador, sobre todo en canto ao manexo da videochamada.

Unha vez descargada a aplicación (seguindo o enlace que vos chegou por correo), aparecerá unha pantalla coma esta:



Despois de pulsar na pantalla (teléfono ou tablet) ou clicar o enlace no correo que vos chegará (ordenador) aparece a vosa propia imaxe (o que enfoca a vosa cámara). Tedes que activar as opcións de son e vídeo, na esquina inferior esquerda (por defecto aparecen desactivados).



Unha vez que están activados o vídeo e o son irán aparecendo varias pantallas (unha por cada participante). A aplicación vai ordenando as intervencións de cada participante (ao falar unha persoa aparece esa imaxe en grande).

